



### Descárgate a App!

Para descargar a app, podedes visitar a web [colecchef.com](http://colecchef.com), onde vos rediriximos a Google Play ou á App Store (segundo sexa o voso dispositivo) para poder facelo. Ou tamén, a través do **código QR incluído na carta**, poderedes descargar a app ColeChef dun xeito doado e rápido.

## 1. INSTRUCCIÓNS PARA ACCEDER Á APP para novos usuarios/as:

Se sodes un/ha novo/a usuario/a da App, facede clic na opción “REXISTRO” e introducide o DNI/NIE e o enderezo electrónico de contacto. Se recoñece o DNI, pero non o enderezo electrónico, poñédevos en contacto con [soporteapp@colecchef.com](mailto:soporteapp@colecchef.com).

No “PASO 3” teredes que introducir o **código de activación** do centro que vos facilitamos a través desta carta. Lembra que **o código nunca leva a letra “O”, probade cun número CERO**

COLEGIO: CEIP MANUEL VIDAL PORTELA

CÓDIGO DE CENTRO: ESKRLOLD12

## 2. INSTRUCCIÓNS PARA ACCEDER Á APP para actuais usuarios/as:

Acceder o REXISTRO e introducir DNI/NIE e dirección de mail informada previamente.

Aparecerá una pantalla con tódolos datos para a súa confirmación, si é necesario modificar algún dato poderá facerse en “o meu perfil” ou en “servicios contratados” dentro da APP.

**IMPORTANTE: No proceso de rexistro ou inicio de sesión, lembra que o USUARIO é sempre o teu DNI ou NIE.**

Se tedes algunha dúbida ou consulta estamos á vosa disposición para atendervos no noso teléfono de atención ás familias ou tamén por correo electrónico en: [soporteapp@colecchef.com](mailto:soporteapp@colecchef.com).

### Como facilitaremos a relación cos/coas titores e titoras?

Centralizando nunha única aplicación toda a información e xestión, incluso se tedes fillos e fillas que acoden a diferentes centros con nos aos servizos de comedor poderedes xestionalo todo cun mesmo usuario de maneira:

### Máis cómoda. Mostrámosvos a información de cada neno ou nena dun xeito visual, sinxelo e intuitivo.

- Información clara e detallada dos menús que se serven diariamente, así como o menú mensual, ademais da información nutricional e de alérxenos.
- Proposta de menús adaptados ás diferentes alerxias e intolerancias alimentarias, no caso de que os vosos fillos e fillas necesiten unha dieta especial.
- Recomendacións de receitas equilibradas para as ceas, en función do que comeron os alumnos/as, elaboradas polo noso Departamento de Nutrición.
- Recomendacións de almozos saudables.

**Máis áxil. Poderedes realizar todas as xestións doada e rapidamente, tanto as puntuais e frecuentes, como as espontáneas e urxentes:**

**Modalidades de contratación dos servizos:**

**Fixo:** Se necesita o servizo uns días fixos da semana. . Debe contratarse antes do día 25 de cada mes.

**Calendario de días ou Turno laboral:** Se necesita o servizo uns días sen periodicidade semanal (días de calendario) e o sabe con antelación. Debe contratarse antes do día 25 de cada mes dos días nos que necesitará o servizo durante o mes seguinte.

**Esporádico:** Se necesitan o servizo días soltos sen posibilidade de planificar. Debe contratarse o día anterior antes das 15:00 h.

**Petición de alta, baixa ou modificación do servizo** (incluíndo o Calendario de días) poderá facerse ata **o 25 de cada mes**, facéndose efectiva para o mes seguinte.

- **Xestión diaria de asistencias extra ou ausencias do servizos prestados.**

Esta comunicación deberá realizarse **antes das 15.00h** do día anterior indicando o servizo desexado ou a cancelación.

**A facturación será por días de asistencia**, contemplando o desconto por ausencia notificada antes das 15:00h do día anterior.

**\*\*IMPORTANTE** para poder facer uso dos servizos é imprescindible estar dado de alta na App, ata non estar dado de alta non se poderá facer uso dos servizos nin de forma ordinaria nin de forma esporádica.\*\*

**Máis segura.** Dispoñedes dun espazo onde estar informados en todo momento, para que teñades a seguridade de que todas as peticións sobre o servizo que se realicen a través da App chegarán ao comedor e serán xestionadas correctamente:

- Contratación e modificación dos servizos anuais do comedor escolar .
- Renovación, nos períodos habilitados, dos servizos dispoñibles para o comedor escolar.

**\*\*As familias usuarias dos servizos, de madrugada e comedor, aceptan as normas que a FANPA detalla na seguinte ligazón.\*\***

<https://bit.ly/normascomedor>



**DETALLE DOS SERVIZOS PRESTADOS E PREZOS**

- Servizo comedor escolar	4,59€/menú
- Servizo de comedor escolar esporádico	6,40€/menú
- Servizo con almorzo	2,64€/menú
- Servizo de almorzo esporádico	4,05€/menú
- Servizo sen almorzo	1,88€/día
- Servizo sen almorzo esporádico	3,20€/día

**\*\*O prezo do servizo de comedor esta bonificado.\*\***

**\*\* Manteranse os descontos nas mesmas condicións que as actuais(non acumulables).\*\***

Segundo irmán (ambos usuarios):5% dto. en serv. comedor do mais novo

Familia numerosa (3 usuarios):10% dto. en serv. comedor de todos os irmáns.